

# informa TEO

PARTICIPACIÓN  
VECINAL

## Nova aplicación para comunicar directamente co Concello

Este 5 de novembro comezará a funcionar Teo Avisos, a nova aplicación para móbiles que permite unha comunicación directa entre a cidadanía teense e a Administración municipal.

### Como funciona Teo Avisos?

A nova aplicación permite avisar ao Concello de avarías, incidencias ou desperfectos directamente desde o lugar no que suceden, sen intermediacións. Ademais, pódense remitir fotografías e a xeolocalización do asunto sobre o que se envíe a comunicación.

O funcionamento do novo servizo é semellante ao de WhatsApp, pero Teo Avisos conta cunha tecnoloxía interna diferente que fai posible validar a información, clasificar e xestionar os avisos, e que resultados poidan ser catalogados e avaliados por quen a use, o persoal técnico e responsables políticos.

### Que pasa cos avisos?

As comunicacións quedarán rexistradas e será posible seguir a súa evolución e que resposta se dá desde o Concello. Na web [somos.teo.gal](http://somos.teo.gal) estará dispoñible un mapa con todas as incidencias abertas no territorio municipal e o estado no que se atopan.

### Como se pode obter a aplicación?

Desde o día 5 de novembro a aplicación poderá instalarse no móbil. Haberá que acceder a <https://somos.teo.gal/app> e descargala. A partir de aí aparecerá no dispositivo como unha aplicación máis. A ferramenta permitirá



ademais outros servizos sen ter que consultar a web do Concello, xa que se poderán ver as seccións de novas, axenda ou lugares de interese no teléfono móbil.

### Plataforma de participación veciñal

Esta nova aplicación funciona de xeito integrado coa plataforma de participación veciñal de Somos Teo, que desde hai ano e medio é unha ferramenta para coñecer as opinións dos e das teenses en distintos temas de ámbito municipal. A aplicación aproveita a tecnoloxía para reforzar o contacto entre as persoas e o Concello e tamén será un escaparate para valorar o traballo que se efectúa en toda a actividade municipal, que a miúdo non se observa •

**A aplicación estará dispoñible en Somos Teo e permitirá comunicar avarías, incidencias e desperfectos con fotos e xeolocalización**

# O III Festival Titiriberia, maior ca nunca

O festival Titiriberia. Olladas sobre os cristivos chega este ano á súa terceira edición. E faino con maior dimensión ca nunca, con sete días de programación e un incremento da súa presenza na Feira Cabalar de Francos.

Esta iniciativa, organizada pola asociación cultural Morreu o Demo para o Concello de Teo e coa colaboración da Deputación da Coruña, desenvolverase entre o 4 e o 11 de novembro. Serán en total doce funcións de títeres espalladas por todo o municipio.

A programación desenvolverase do 4 ao 11 de novembro con funcións escolares, actividades en todo o municipio e no San Martiño

## Na Feira Cabalar de Francos

Titiriberia levará á Feira Cabalar do San Martiño, en Francos, unha barraca de monicreques tradicionais. Haberá varios pases ao longo do día 11, a partir das 11:00 horas. Compañías como Alakrán ou Seisdedos encargaranse da animación da rúa para congrega o público.

Na véspera, o sábado 10, a barraca acollerá ás 21:30 horas o espectáculo *As variedades do Barriga Verde*, unha das novidades do festival deste ano. É unha montaxe que ten a actriz e cantante Iria Pinheiro como condutora, con coordinación musical de Alonso Caxade e intervención de diversas compañías e artistas.

## Funcións para escolares e programa xeral

Titiriberia mantén a súa aposta por chegar a todo tipo de públicos. Por iso ofrecerá tres funcións para escolares no colexio da Igrexa



de Calo, no Auditorio Constante Liste e no IES. Tamén haberá un obradoiro de monicreques de luva con material de refugallo para maiores de cinco anos no San Martiño (11:00 horas).

En canto á programación xeral, estas son as citas: *Auga que non vas beber* de Fantoques Baj (local da Mámoa en Luou, 4 de novembro, 18:00 horas); *A familia unida* de Mircromina (local da A.R.C. Os Tilos, 6 de novembro, 18:00 horas); obradoiro de títeres en igualdade (centro de día de ASPAMITE, 8 de novembro, 16:30 horas); mesa redonda sobre a muller nos monicreques tradicionais (mediateca do Grilo, 9 de novembro, 20:00 horas); e *Barriga Verde ataca de novo* de Títeres Alakrán (local da S.R. San Xoán de Calo, 9 de novembro, 18:00 horas) •



MOCIDADE

## Participa no concurso #OMeuTeo coas túas fotos do San Martiño

O concurso de fotografía con móbil #OMeuTeo xa está convocado. Poden participar persoas de Teo de entre 12 e 25 anos. Cada participante pode presentar un máximo de tres fotografías entre o 4 e o 18 de novembro.

A temática do certame é este ano a Feira do San Martiño de Francos. As imaxes deben ser inéditas e poderán recoller tanto a feira do 11 de novembro como as diversas actividades do programa nos días previos.

As fotos poden presentarse subíndoas ás contas persoais en Twitter ou Instagram. Deben ir acompañadas do cancelo #OMeuSanMartiño e mencionar a conta @MocidadeTeo. Outro método de participación é envialas directamente á plataforma [i.gal/omeuteoll](http://i.gal/omeuteoll).

Unha votación aberta nesa plataforma entre o 19 e o 30 de novembro decidirá a fotografía gañadora. O premio será un teléfono móbil Fairphone, modular e de fabricación ética.

# A Feira do San Martiño aposta polos viños e a gastronomía locais

O programa de actividades da Feira do San Martiño, que este ano cae en domingo, outórgalle un protagonismo especial á gastronomía de calidade e aos produtos tradicionais.

Neste sentido, unha das propostas máis destacadas que acollerá a Carballeira de Francos será o evento enogastronómico con degustación de viños da subzona Ribeira da Ulla da Denominación de Orixe Rías Baixas, da que forma parte o concello de Teo. Tamén se poderán degustar queixos galegos con selo de orixe e calidade. A xornada contará ademais con catas comentadas dos dous produtos.

Por outra parte, dentro da mesma iniciativa, resérvase un espazo propio para a recuperación das 'masolas', prato tradicional da zona de Teo. O Concello quere darlle valor propio e ofrecerá unha degustación desta elaboración, preparada nas instalacións da Feira por unha veciña do municipio.

## Carpa de artesanía

Ao mesmo tempo, como xa é tradicional, o Concello instalará unha carpa sobre artesanía galega durante a xornada do San Martiño. Nes-



te espazo as persoas que o desexen poderán adquirir alfaias, xoguete, obxectos de coiro e outros produtos elaborados a man.

## Ruta ao Castro Lupario

O programa vinculado ao San Martiño inclúe unha ruta a pé ata o Castro Lupario o domingo 4 de novembro, con visita guiada. Partirá ás 11:30 horas desde o Cruceiro de Francos •

**A tradicional Feira Cabalar complementarase con degustacións e catas de viños da Ribeira da Ulla, queixos galegos e 'masolas'**

# Cantos de taberna polos postos do polbo na véspera

Por primeira vez vaise celebrar unha xeira de Cantos de Taberna na véspera do San Martiño. A intención desta actividade é animar as horas previas á festa máis senlleira de Teo, acreditada desde 1557 e para a que se está tramitando a declaración de interese turístico de Galicia.

Está previsto que os grupos cantareiros pasen polos postos do polbo na Carballeira de Francos entre as 21:00 e as 23:00 horas do sábado 10 de novembro, xunguindo así a gastronomía e a música populares. Como máximo actuarán nove grupos, que terán un tope de

dez integrantes cada un. O repertorio de pezas é libre e pode variarse durante o percorrido.

Cada unha das formacións disporá de 50 minutos para cantar na polbeira asignada e outros 10 minutos para mudar. As dez persoas cantareiras serán convidadas a bebida e polbo en cada posto, tal como se recolle nas bases da actividade, organizada polo Concello.

Os grupos terán que acudir ás 20:30 horas do propio sábado 10 ata a antiga escola de Francos para recoller as acreditacións coas que actuar, de acordo cos datos cos que formalizaran a súa inscrición •

# EMPREGO O obradoiro de emprego prepara tres parcelas como zonas verdes lúdicas



## O obradoiro de garantía xuvenil desenvolverá unha aplicación web de información e participación cidadá para dispositivos electrónicos e puntos de acceso público

Xa comezaron os dous obradoiros de formación e emprego que se desenvolverán no Concello de Teo durante os vindeiros meses. Servirán para acondicionar tres parcelas municipais como espazo verde público e para crear unha aplicación que facilite o acceso da cidadanía á información municipal.

### Obradoiro de emprego Reforesta

O obradoiro de emprego Reforesta intervirá en dúas parcelas municipais na contorna do couto fluvial do Xirimbao e outra ao pé do Camiño de Santiago ao seu paso polo municipio.

Na leira do Xirimbao os traballos que acometerán as persoas que se forman no obradoiro consistirán en retirar as especies non autóctonas, efectuar

unha roza selectiva por medios manuais e clarear a masa forestal existente. En dous claros plantaranse carballos e será rehabilitada unha senda peonil que percorre unha zona de pendente.

Na parcela da Carballeira das Areas, tamén no ámbito do Xirimbao, realizarán tratamentos silvícolas semellantes. E na Piollosa, no Camiño de Santiago, repoboarán con castiñeiros e con caroleiras para crear unha zona de sombra axeitándoa para o descanso dos peregrinos e peregrinas.

En todos os casos, ademais de crear novos espazos públicos de lecer, os traballos conseguirán mellorar o estado sanitario do monte e as condicións de prevención e extinción de posibles incendios.

### Obradoiro de garantía xuvenil Habilita

Este obradoiro desenvolverá unha aplicación web para a xestión da información e a participación cidadá do Concello de Teo. A aplicación será de utilización sinxela por parte de calquera persoa e será accesible tanto desde dispositivos electrónicos como nos puntos de información que se instalarán no centro sociocultural dos Tilos, na Mediateca do Grilo en Cacheiras, no centro de saúde de Pontevea e no centro sociocultural da Ramallosa •

# O 25-N involucra a cidadanía contra a violencia de xénero

Achégase a conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller. A violencia de xénero é un problema que, lonxe de solucionarse, segue a medrar na sociedade. Teo non é unha illa nesta cuestión e tamén no seu termo municipal existen realidades duras e moitas veces de difícil diagnose.

Por iso, o Concello tratará de implicar a toda a cidadanía contra a violencia de xénero cos actos programados co gallo do 25-N. Servirán para chamar a atención sobre un problema tan grave, lembrar as vítimas e concienciar a todos e todas na necesidade de buscarlle solucións.

## Campaña 'En negro contra a violencia'

O Concello súmase un ano máis á campaña 'En negro contra a violencia', do mesmo xeito ca un cento de concellos galegos e tres deputacións. Esta iniciativa procura ser unha campaña de participación, de maneira que calquera persoa, desde as súas posibilidades, poderá utilizar o seu material.

Nos primeiros días de novembro o Concello contactará con comercios, bares e outras entidades que en anos anteriores colaboraron nesta campaña, que vivirá as súas xornadas fortes entre o 19 e o propio 25 de novembro.

## Solicitud de camisolas

Ademais, quen teña interese en conseguir unha camisola para axudar a visibilizar publicamente o rexeitamento á violencia de xénero



pode solicitalo no enderezo electrónico [cim@teo.gal](mailto:cim@teo.gal) ou na páxina web do Concello.

## Acto institucional

O acto institucional do 25-N terá lugar o 23 de novembro ás 19:30 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello. Será un acto que represente a todos e todas, fóra de adscripcións partidarias, aberto a todas as persoas de Teo que queira dicir non á violencia de xénero de xeito colectivo.

Ademais da lectura do manifesto institucional, a actriz Iria Piñeiro lerá diversos textos •

**A campaña 'En negro contra a violencia' volverá estar presente en establecementos públicos e privados de Teo**



## Charla sobre a endometriose o 14 de novembro

A asociación de mulleres con endometriose Querendo e o Concello de Teo organizan unha charla na Mediateca do Grilo, en Cacheiras, o mércores 14 de novembro ás 20:00 horas. Intervirán Helena Rodríguez, xinecóloga no CHUS, e Cristina Pérez, socia de Querendo, que abordarán a enfermidade desde a medicina e desde a propia vivencia. Esta doenza afecta a case un 5% das mulleres en idade fértil e representa un dos problemas de saúde máis descoñecidos pese á súa gran prevalencia. A mellor explicación do que sucede é a seguinte: "se a regra che doe tanto que non che deixa facer a túa vida cotiá, algo non vai ben".

# CULTURA A Mediateca do Grilo cumpre 10 anos con máis de 90.000 persoas usuarias



A Mediateca, cunha colección de case 29.000 volumes, é un espazo moi versátil cunha oferta para público de moi diversas idades

A Mediateca do Grilo cumpriu dez anos este 15 de outubro. O aniversario celebrouse cun obradoiro infantil de ilustración a cargo de Óscar Villán. Na xornada visitaron as instalacións o alcalde de Teo, Rafael Sisto, e a concelleira de Cultura, Pilar Faxil.

Nestes primeiros dez anos de servizo pasaron máis de 90.000 persoas usuarias pola Mediateca. O número de documentos prestados está próximo aos 30.000 e rexistráronse unhas 5.000 sesións desde dispositivos portátiles. A súa colección suma 28.826 volumes.

A oferta da Mediateca destínase a públicos de todas as idades. O espazo, moi versátil, dispón dunha Bebeteca, un servizo con material adaptado aos máis pequenos e pequenas. Tamén dispón de biblioteca, zona de consulta de prensa, equipos informáticos con rede wifi, servizo de proxector e mesmo un piano procedente dunha doazón particular.

A Mediateca é xa un elemento dinamizador da vida social e cultural da súa contorna, pois acolle diversas actividades culturais, reunións veciñais e as sesións do club de lectura •



MOCIDADE

## O obradoiro de teatro xuvenil reanúdase o 16

O obradoiro de teatro xuvenil do Concello de Teo reanuda a súa actividade o 16 de novembro no centro sociocultural da Ramallosa. Como en cursos anteriores, estará dirixido pola actriz Clara Gayo. Poden participar mozos e mozas de entre 12 e 25 anos. É de balde e as clases desenvólvense os venres entre as 16:30 e as 18:00 horas. Quen queira anotarse pode facelo no Departamento de Servizos Sociais ([servizosociais@teo.gal](mailto:servizosociais@teo.gal) e 981 809 707).

Quen queira coñecer o xeito de traballar do obradoiro e os seus resultados poden acudir a ver a representación da obra '2518', que o grupo preparou durante a pasada tempada. Porase en escena o 11 de novembro (17:00 horas) dentro da programación cultural da asociación A Mámoa de Luou.



RELACIONES  
VECINAIS

## As hortas urbanas en Campos de Mirabel poden pedirse ata o 15

O Concello de Teo mantén aberto ata o 15 de novembro o prazo para solicitar a concesión de hortas urbanas na contorna da urbanización Campos de Mirabel, na parroquia de Calo. Hai doce dispoñibles, que se adxudican por un ano e outro de prórroga.

Con esta iniciativa, calquera persoa que non teña terreos pode dispoñer dunha parcela na que cultivar e obter produtos da horta. Para colectivos sociais como maiores de 65 anos é tamén un xeito de manter a actividade e aproveitar o seu tempo libre.

### Quen pode solicitar?

A convocatoria do Concello está aberta a calquera persoa de Teo. Non obstante, resérvanse unha parte das parcelas para atender situacións de emerxencia social e para solicitantes maiores de 65 anos de idade. En todos os casos, deberán figurar empadroadas no municipio.

### Como se solicitan as hortas urbanas?

As persoas interesadas teñen que entregar a solicitude debidamente cuberta no Rexistro Xeral do Concello. A petición debe incluír a instancia, unha fotocopia cotexada do DNI ou outro documento legal que o substitúa, a declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, unha declaración xurada co

**Poderá solicitalas calquera persoa empadroadada en Teo. Parte das doce parcelas resérvanse para casos de emerxencia social e para maiores de 65 anos**

compromiso de coidado da horta e outra declaración xurada de que a persoa solicitante e as que integran a unidade familiar que vaian cultivar a horta poden efectuar tarefas agrícolas sen risco para a súa saúde.

Para os casos nos que se solicite algunha das parcelas reservadas para emerxencia social, a solicitude deberá ir acompañada dun informe dos servizos sociais municipais que acredite a situación e xustifique a concesión da horta.

### Como se asignan?

A adxudicación dos terreos, por un ano de duración, decidírase por sorteo público entre todas as solicitudes presentadas que cumpran os requisitos. Do sorteo tamén sairá unha lista de agarda para cubrir posibles baixas •

# AXENDA

## Novembro de 2018



**Mércores** Asesoramento sobre a factura eléctrica.  
De 10:00 a 12:00 h. Salón de Plenos da Casa do Concello.

**Venres** Mercado en Cacheiras.

**Sábados** Mercado do Alimento Labrego nos Tilos.

**3** Sábado. 16:30 h. **V Trofeo San Francisco Teo** kumite cadete, júnior e sénior. Pavillón polideportivo dos Tilos.

**3-4** Sábado e domingo. De 10:00 a 12:30 h. **Curso de shiai kumite de alta competición.** Impartido polo seleccionador César Martínez. Polideportivo dos Tilos.

**3** Sábado. 21:30 h. Teatro. **Elisa e Marcela, de A Panadería.** Auditorio Constante Liste.

**4** Inicio do **prazo para presentar fotografías** ao **concurso #OMeuTeo.** Ata o 18. A partir do 19 e ata o 30, **prazo de votación** na plataforma [i.gal/omeuteoII](http://i.gal/omeuteoII)

**4** Domingo. 11:30 h. **Visita guiada ao Castro Lupario.** Itinerario de 4 km. Dificultade media. Saída desde a escola de Francos.

**5** Luns. Comeza a funcionar a **app Teo Avisos.** Dispoñible en <https://somos.teo.gal/app>

**8** Xoves. Inicio da **inscrición no DiverTeo de Nadal.** O prazo remata o 22. O 27, listaxe provisional. Pagamento do 28 ao 10.

**9** Venres. 17:00 h. Reunión do **Foro de Participación Infantil e Adolescente** do Concello de Teo. Concello.

**10** Sábado. De 21:00 a 23:00 h. **Cantos de Taberna da Véspera** do San Martiño. Nos postos de polbo da Carballeira de Francos.

**10** Sábado. 23:00 h. Actuación da **charanga Os Herdeiros.** Carballeira de Francos.

**11** Domingo. **Feira do San Martiño.** De 10:00 a 18:00 h. **Xornada enogastronómica.** A partir das 11:00 h actuacións do Festival **Titiriberia.** Carballeira de Francos.

**11** Domingo. 17:00 h. **Xornadas de Teatro da Mámoa** (Luou). Representación da obra **2518** do grupo de teatro xuvenil municipal.

**14** Mércores. 20:00 h. **Charla sobre a endometriose.** Mediateca do Grilo.

**15** Xoves. Fin do prazo para solicitar **hortas urbanas en Campos de Mirabel.** Concello.

**16** Venres. 16:30 h. Comeza o **obradoiro de teatro xuvenil.** Aud. Constante Liste.

**16 e 23** Venres. Charla: **A enfermidade de alzhéimer e as terapias non farmacolóxicas.** Organiza Agadea Alzhéimer. Inscricións no 981 809 707.

**18** Domingo. 11:00 h. **Día da Bicicleta.** Explanada do cemiterio de Cacheiras.

**18** Domingo. 18:00 h. Concerto da **Banda de Música de Teo.** Auditorio Constante Liste.

**23** Venres. 19:30 h. **Acto institucional contra a violencia de xénero.** Concello.

**23** Venres. 20:00 h. **Escola de familias. Nutrición saudable.** Con Ana Martínez Lorente. Casa Común dos Tilos.

**23** Venres. 21:30 h. Teatro. **Nacidas Libres, de Contra Producións.** Aud. Constante Liste.

**24** Sábado. 21:00 h. **Cea-baile na Aldea de Sestelo.** Prezo pendente de determinar.

**25** Domingo. 10:00 h. **IV Carreira San Martiño Montes de Teo.** Organiza Os do Monte Bravo BTT. [www.carreirateo.galitiming.com](http://www.carreirateo.galitiming.com)

**25** Domingo. 18:00 h. Concerto. **Banda de Música da S.R. San Xoán de Calo.** Auditorio Constante Liste.